

O MEU CAMIÑO

Os motivos da miña saída son ben claras: os meus patentes sentimentos galeguistas e republicanos, tan cruelmente perseguidos.

-Estás segura de que iso era o único que puña a nota que deixou teu pai antes de marchar?- Preguntoume Alicia cando lle contei o sucedido na miña casa. Claro que a ela non lle sorprende moito, dado que xa coñecía as súas ideas e, como están a matar a tantos republicanos, era de esperar que marchase. O raro foi que marchou e só deixou esa nota, sen despedirse nin nada, tan só dicindo os motivos da súa partida.

Agora quedei soa en Galicia, meus avós morreron de tristeza ao mirar o rumbo que collera a súa tan querida terra, e miña nai saberá Deus onde está. Marchou cando tiña eu tres anos a tirar o lixo e nunca máis volveu.

Pero eu non podo seguir os seus pasos, teño que saír adiante.

María Bernárdez González 3ºC